



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2021/E001/000004

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

- Expediente tramitado para a obtención dunha subvención correspondente á convocatoria do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021).
- Resolución núm. 2021/4566, do 10 de febreiro (BOP núm. 29, do 12/02/2021, pola que a Deputación Provincial da Coruña lle concede ao concello das Pontes de García Rodríguez unha achega de 92.000 euros.
- Providencia de inicio do procedemento ditada pola concelleira-delegada de Área e que leva data do 04/03/2021.
- Bases para a selección de dezanove peóns co obxecto de levar a cabo as actuacións incluídas no programa, subscritas en data 11/03/2021 pola concelleira-delegada de Área.
- Informe xurídico emitido en data 11/03/2021 polo funcionario técnico de administración xeral encargado da tramitación do procedemento
- Informe núm. 89/2021, do 11/03/2021, da Intervención Municipal, emitido en sentido desfavorable.
- Decreto núm. 545/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a CUARTA FASE DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN INTENSIVA EN DETERMINADOS SERVICIOS MUNICIPAIS (ANO 2021), dando continuidade ás actuacións das fases precedentes, no marco do Programa de Integración Laboral 2021 (PEL-CONCELLOS-REACTIVA 2021), e se efectúa a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á selección e ulterior nomeamento de persoal funcionario interino para levar a cabo as actuacións do Programa.
- Convocatoria e bases do proceso selectivo, publicadas no BOP núm. 49, do 15/03/2021.
- Decreto núm. 595/2021, do 25 de marzo, polo que aproba a lista de persoas aspirantes admitidas, se determina a composición do Tribunal e se fixa o lugar, día e hora da realización do exercicio da fase de oposición.
- Actas do Tribunal correspondentes ás sesións do dito órgano de selección, contendo a proposta das persoas aprobadas e outras determinacións.

FUNDAMENTOS LEGAIS

Os fundamentos xurídicos da presente resolución constan no informe sinalado e nas resolucións



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

citadas nos antecedentes.

Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, resolver o procedemento de selección, nomeando e dándolle posesión ao persoal proposto polo órgano de selección, en virtude das competencias delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. **Nomear** ao seguinte persoal funcionario **interino**, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.c) do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), coa categoría de peón (agrupacións profesionais, extinto grupo E):

a) Persoal que prestará servizos na **primeira quenda**, dunha duración de **cinco (5) meses**, cuxo **comezo** está previsto para o **16/04/2021**:

1. **Miguel A. Rodríguez Freire**
2. **José Vilasuso Romero**
3. **José Manuel Feal Allegue**
4. **José Manuel López Galego**
5. **Pedro Grueiro Lamas**
6. **María Belén Montero Pico**
7. **Ubaldo Fernández Franco**
8. **Verónica Blanco Cupeiro**
9. **Amadeo Álvarez Pardo**

b) Persoal que prestará servizos na **segunda quenda** (desde o **1 de agosto até o 31 de decembro** de 2021, ambos os dous días de inicio e fin incluídos):

1. **Carlos Bellas Picos**
2. **Manuel Bouza Arias**
3. **Juan Manuel Rivera Piñón**
4. **David Tojeiro Pita**
5. **Artemio S. Formoso Barro**
6. **Plácido Cal Chao**
7. **Mª Emma Soto Soto**
8. **Jesús Manuel Bellas Vázquez**
9. **Ana María López Pena**
10. **Ana María Corral Gato**

A incorporación de Carlos Bellas Picos á segunda quenda está condicionada á superación da proba de galego, que non puido realizar por causa de forza maior.

2. O persoal nomeado prestará servizos a **tempo parcial** (67 % da xornada, equivalente a 25 horas semanais)

3. Que se proceda a expedir as correspondentes actas de toma de posesión como funcionariado interino, e á correspondente alta na nómina e na Seguridade Social do persoal concernido, segundo



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

as quendas establecidas.

4. Aprobar a seguinte lista de espera ou reserva, ordenada de maior a menor puntuación, segundo a proposta do órgano de selección:

- 1. Jorge Antón Rego**
- 2. Emilia Moledo Castro**
- 3. José Prieto Ramil**
- 4. Delfina González Balseiro**
- 5. Juan Carlos Baonza Suárez**
- 6. Alfredo Dinis da Silva Pacheco**
- 7. Laura Otero González**
- 8. Junior Pardo Rouco**
- 9. Pablo Vega Díaz**
- 10. M^a Carmen Prieto Franco**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14,1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia a anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14,1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe indicada

FIRMADO POR ANA MARIA PENA PURRIÑOS (FECHA: 13/04/2021 13:56:00) , Marina Núñez Orjales (FECHA: 13/04/2021 14:00:00)

Decreto N°: 687/2021 - Fecha de decreto: 13/04/2021
Versión imprimible

CVD: kzVczgZWIiS7AsU8n9cx
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.